



# **CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DO  
CONCELLO DE FENE**

**EXERCICIO 2000**

## ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
<b>I. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>1</b>
1. OBXECTIVOS.....	1
2. LIMITACIÓNS .....	1
3. MARCO LEGAL .....	1
4. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS .....	2
<b>II. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL</b> .....	<b>2</b>
1. ORZAMENTO .....	2
2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.....	3
3. CONTA XERAL.....	4
<b>III. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS</b> .....	<b>4</b>
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA</b> .....	<b>5</b>
1. DEBEDORES PENDENTES DE COBRO.....	5
2. ACREDORES PENDENTES DE PAGO .....	13
3. FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA.....	16
4. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO	16
5. CUANTIFICACIÓN DEL ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA.....	17
<b>IV. ENDEBEDAMENTO</b> .....	<b>17</b>
1. PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO .....	17
2. OPERACIÓNS DE TESOURERÍA.....	18
3. AFORRO NETO.....	19
<b>V. CONCLUSIONES</b> .....	<b>19</b>
1. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL .....	19
2. REMANENTE DE TESOURERÍA .....	19
3. ENDEBEDAMENTO .....	20
4. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA .....	20

## **I. INTRODUCCIÓN**

### **1. OBXECTIVOS**

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno desta Institución acordou, en sesión realizada o 20/12/2001, incluír no seu programa de traballo, a fiscalización da actividade económico financeira realizada polo Concello de Fene durante o exercicio 2000, limitada ós seguintes obxectivos:

- Verificar a consistencia e razoabilidade dos conceptos que integran o remanente de tesourería a 31 de decembro de 2000 e, no seu caso, comprobar que se adoptaron as actuacións legalmente procedentes para compensar os remanentes de tesourería negativos.
- Comprobar que no momento previo á formalización das operacións de crédito cúmprense os límites fixados na LRFL, analizando así mesmo o aforro neto da Corporación a 31 de decembro de 2000 e aquelas variables que permitan realizar un diagnóstico da situación económico-financiera.

### **2. LIMITACIÓNS**

As probas realizadas para o cumprimento dos obxectivos fixados, víronse condicionadas polas seguintes limitacións ó alcance:

- Os libros de contabilidade non foron encadernados e dilixenciados nos termos establecidos na regra 61.2 da ICAL. O dito incumprimento determina que non está garantida a inalterabilidade da información facilitada mediante listados informáticos.
- Non consta que se procedera á elaboración do estado da débeda previsto na regra 424 da ICAL.

### **3. MARCO LEGAL**

A normativa que regula a actividade económico-financiera do Concello, no referente ás materias obxecto de fiscalización inclúense fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).
- Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 17 de xullo de 1990.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989, sobre estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia

de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais.

- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro (RXR).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.
- Real Decreto Lexislativo 1091/1988 do 23 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria.
- Lei 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, do 17 de xullo de 1992.

#### **4. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS**

En cumprimento do disposto no artigo 58,a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, os resultados das actuacións realizadas foron remitidos ó Alcalde do Concello en escrito nº 1089 do 25 de outubro de 2002, concedéndolle un prazo ata o 22 de novembro do 2002 para realizar as alegacións e presenta-los documentos e xustificantes que estimase oportunos. Transcorrido o dito prazo non se formularon alegacións ó anteproxecto de informe de fiscalización.

## **II. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL**

### **1. ORZAMENTO**

O orzamento do 2000 foi aprobado inicialmente por acordo plenario do 23 de marzo de 2000, polo que se incumpren os artigos 149.4 e 150.2 da LRFL, que indican que o orzamento xeral formado polo Presidente se remitirá ó Pleno antes do 15 de outubro para a súa aprobación inicial e que a súa aprobación definitiva deberase realizar antes do 31 de decembro do ano anterior ó do exercicio.

En aplicación do artigo 150.6 da LRFL, prorrogouse automaticamente o orzamento de 1999 ata a entrada en vigor do orzamento do exercicio, trala súa publicación o 13 de maio de 2000. Non consta que na aplicación da prórroga se realizara o axuste dos créditos iniciais do Orzamento do exercicio anterior nos termos do artigo 21 do RD 500/1990.

## 2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A liquidación do orzamento do 2000 foi aprobada pola Resolución da Alcaldía do 15 de febreiro de 2001. Da liquidación aprobada deuse conta ó Pleno en sesión ordinaria realizada o 1 de marzo de 2001. Non consta no expediente a remisión da mesma á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma antes de finalizar o mes de marzo, como esixe o artigo 174.5 da Lei 39/1988.

A liquidación do orzamento presenta as magnitudes que a continuación se detallan:

### Estado de gastos

Capítulo	Créditos iniciais	Modifica- cións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao execución	Pagos ordenados	Pagos realizados	P.R/O.R. %
1. Gastos persoal	470.950.859	28.816.173	499.767.032	496.819.808	99,41	489.215.600	489.215.600	98,47
2. Gastos bens correntes e servicios	253.457.394	25.892.479	279.349.873	271.150.136	97,06	167.671.837	167.671.837	61,84
3. Gastos financeiros	25.141.254	0	25.141.254	22.457.289	89,32	16.925.645	16.925.645	75,37
4. Transferencias correntes	30.873.130	-250.000	30.623.130	27.987.268	91,39	8.616.418	8.616.418	30,78
6. Investimentos reais	189.067.161	44.216.776	233.283.937	101.134.678	43,35	63.421.481	63.421.481	62,71
7. Transferencias de capital	0	0	0	0		0	0	
8. Activos financeiros	0	0	0	0		0	0	
9. Pasivos financeiros	53.494.842	0	53.494.842	29.354.974	54,87	26.951.889	26.951.889	91,81
<b>TOTAL</b>	<b>1.022.984.640</b>	<b>98.675.428</b>	<b>1.121.660.068</b>	<b>948.904.153</b>	<b>84,60</b>	<b>772.802.870</b>	<b>772.802.870</b>	<b>81,44</b>

As modificacións orzamentarias representan o 9,6% do orzamento aprobado, sendo o capítulo de investimentos o máis relevante. O grao de execución do orzamento de gastos (obrigas recoñecidas netas/créditos definitivos) sitúase no 84,6%. O índice de execución de pagos (pagos realizados/obrigas recoñecidas) foi de 81,44%.

### Estado de ingresos

Capítulo	Previsión inicial	Modifica- cións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Grao execución	Recadación	Grao Recadación	Dereitos pendentes
1. Impostos directos	314.500.196	3.205.378	317.705.574	316.097.257	99,49%	306.683.914	97,02	9.413.343
2. Impostos indirectos	10.000.000	6.193.278	16.193.278	25.785.956	159,23%	25.667.941	99,54	118.015
3. Taxas e outros ingresos	132.176.400	2.671.038	134.847.438	124.066.236	92%	111.998.595	90,27	12.067.641
4. Transferencias correntes	396.311.517	43.163.154	439.474.671	436.344.918	99,29%	386.476.727	88,57	49.868.191
5. Ingresos patrimoniais	1.400.000	0	1.400.000	1.712.953	122,35%	1.694.548	98,92	18.405
6. Alleamento invest. reais	0	0	0	2.575.000		2.575.000	100	0
7. Transferencias de capital	77.535.277	30.098.026	107.633.303	45.088.326	41,89%	32.011.132	68,78	13.077.194
8. Activos financeiros	0	13.344.554	13.344.554	0	0%	0	0	0
9. Pasivos financeiros	91.061.250	0	91.061.250	91.061.250	100%	29.199.371	32,06	61.861.879
<b>TOTAL</b>	<b>1.022.984.640</b>	<b>98.675.428</b>	<b>1.121.660.068</b>	<b>1.042.731.896</b>	<b>92,96%</b>	<b>896.307.228</b>	<b>85,95%</b>	<b>146.424.668</b>

O grao de execución do orzamento de ingresos (Dereitos recoñecidos/previsións definitivas) foi de 92,96%. O índice de execución da recadación líquida (ingresos líquidos/dereitos recoñecidos) sitúase no 85,96%.

### Resultado orzamentario

O resultado orzamentario calculado pola Corporación é o seguinte:

Resultado orzamentario	Segundo cálculos Concello	CONSELLO DE CONTAS	
		Modificacións realizadas	Resultado orzamentario
1 Dereitos recoñecidos netos	1.042.731.896	-20.287.883	1.022.444.013
2 Obrigas recoñecidas netas	948.904.153	10.393.324	959.297.477
3 Resultado orzamentario (1 – 2)	93.827.743		63.146.536
4 Desviacións positivas de financiamento	52.945.966	0	52.945.966
5 Desviacións negativas de financiamento	0	0	0
6 Gastos financiados con remanente líquido de tesourería	13.344.554	0	13.344.554
<b>7 Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6)</b>	<b>54.226.331</b>	<b>-30.681.207</b>	<b>23.545.124</b>

No cálculo do resultado orzamentario realizáronse as seguintes comprobacións:

- Os dereitos recoñecidos e as obrigas recoñecidas netas deducidas da contabilidade financeira e da liquidación coinciden cos importes que figuran rexistrados no resultado orzamentario.
- Ó resultado orzamentario réstanselle as desviacións de financiamento positivas do exercicio, pero dado que o seu cálculo no Estado de Gastos con financiamento afectado non responde ó establecido nas regras 376 á 381 da ICAL, non se puido comprobar que estas pertencen na súa totalidade ó exercicio.
- O expediente de modificación de crédito 1/2000 financiado coa incorporación de remanentes de crédito do exercicio 1999, recolle 13.344.554 pesetas, correspondentes ó remanente de tesourería afectado, que axustan positivamente o resultado orzamentario.

As modificacións realizadas ó resultado orzamentario calculado polo Concello, xorden como consecuencia das incidencias detectadas nos apartados 1 e 2 do epígrafe IV deste informe.

### 3. CONTA XERAL

A conta xeral do exercicio de 2000 foi dictaminada pola Comisión Especial de Contas o día 12 de xuño de 2001 fóra do prazo establecido no artigo 193.2 da LRFL. Aprobouse polo Pleno o 6 de setembro de 2001 e remitiuse ó Consello de Contas o 5 de outubro de 2001, cumpríndose as esixencias de rendición no prazo establecidas na Lei.

### III. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Non se realizaron nos exercicios 2000 e 2001 recoñecementos extraxudiciais de créditos.

#### IV. REMANENTE DE TESOURERÍA

O artigo 93.2.d) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, establece que como consecuencia da liquidación do orzamento da entidade deberase determinar, entre outras magnitudes, o remanente de tesourería, o cal, de conformidade co artigo 172 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, calcularase sumando os fondos líquidos e os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro, restando a todo isto as obrigas recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do mesmo. Tamén se deberán ter en conta os posibles ingresos afectados e se reducirán de acordo co que regulamentariamente se estableza, os dereitos pendentes de cobro considerados de difícil ou imposible recadación.

Os resultados da análise sobre a composición de cada un dos conceptos integrantes de remanente de tesourería reflíctense nos seguintes epígrafes.

##### 1. DEBEDORES PENDENTES DE COBRO

Os saldos que se reflícten no remanente de tesourería presentan a seguinte composición:

Debedores pendentes de cobro a 31-12-2000	Importe pesetas
De orzamento de ingresos, exercicio corrente	146.424.668
De orzamento de ingresos, exercicios pechados	42.156.224
Doutras operacións non orzamentarias	12.149.772
( - ) Saldos de dubidoso cobro	0
( - ) Ingresos pendentes de aplicación definitiva	88.559.206
<b>TOTAL</b>	<b>112.171.458</b>

A representatividade dos saldos de debedores pendentes de cobro está condicionada polas circunstancias que se detallan nos seguintes epígrafes.

##### 1.1. Do orzamento de ingresos, exercicio corrente

Dos 146.424.668 pesetas pendentes de cobro a fin de exercicio analizáronse un total de 131.371.646 pesetas o que supón un total de 89,72% coa seguinte distribución:

###### a) *Impostos directos*

Os dereitos pendentes de cobro do capítulo 1 a 31 de decembro de 2000, ascenden a 9.413.343 pesetas. Con obxecto de verificar a realidade dos mesmos analizouse unha mostra de 8.845.875 pesetas, correspondentes ó Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, o que supón un 93,97% do total.

Os dereitos recoñecidos por este concepto coinciden coa cantidade estipulada no padrón, nembargantes non coinciden co cargo enviado ó recadador, que é menor, xa que con carácter previo se realizaron ingresos. O Concello de Fene facilitou ó equipo auditor unha relación dos ingresos efectuados con carácter previo que concilia as diferencias. De acordo coa liquidación do departamento de Recadación a cantidade pendente de cobro a fin de exercicio é de 8.845.875 pesetas e polo tanto os dereitos pendentes de cobro que incrementan o remanente por este concepto responden á realidade. Mediante Resolución da Alcaldía do 29 de marzo de 2001 adóptase o acordo de *apremiar* a débeda pendente.

b) *Taxas e outros ingresos*

Os dereitos pendentes de cobro do capítulo 3 a 31 de decembro de 2000, ascenden a 12.067.641 pesetas, con obxecto de verificar a realidade dos mesmos analizouse unha mostra de 4.732.800 pesetas correspondentes á *Taxa de recollida de lixo*, o que supón un 39,22% do total.

Os dereitos recoñecidos por este concepto coinciden co estipulado no padrón, nembargantes non coinciden co cargo enviado ó departamento de Recadación, xa que existen determinadas persoas exentas por motivos sociais. O Concello de Fene facilitou ó equipo auditor unha relación das persoas exentas que concilia as diferencias. De acordo coa liquidación do departamento de Recadación a cantidade pendente de cobro a fin de exercicio é de 4.732.800 pesetas e polo tanto os dereitos pendentes de cobro que incrementan o remanente por este concepto responden á realidade. Mediante Resolución da Alcaldía do 29 de marzo de 2001 adóptase o acordo de *apremiar* a débeda pendente.

c) *Transferencias correntes*

Os Dereitos pendentes de cobro do capítulo 4 a 31 de decembro de 2000 ascenden a 49.868.191 pesetas. Con obxecto de verificar a realidade dos mesmos analizouse unha mostra de 44.905.792 pesetas, que supón o 90,05% do total, co seguinte *desglose*:

- Subvención para o funcionamento de A Xunqueira: contabilízanse dereitos no exercicio 2000 polo importe de 5.699.555 pesetas, mentres que a xustificación das condicións esixidas pola orde de convocatoria se realiza no exercicio 2001, incumprindo polo tanto o establecido na regra 156 da ICAL. En consecuencia esta cantidade foi indebidamente incluída como dereitos pendentes de cobro no estado de remanente de tesourería.
- Subvención para prevención e defensa contra incendios forestais: os dereitos non se recoñecen no momento da xustificación do cumprimento das condicións esixidas pola orde de convocatoria, en contra do disposto pola regra 156 da ICAL, nembargantes non ten ningún efecto sobre o remanente de tesourería ó se realizar a xustificación dentro do exercicio 2000.



- Subvención para actividades de orientación profesional para o emprego: contabilízanse dereitos no exercicio 2000 por importe de 4.078.800 pesetas, mentres que se deberían ter recoñecido dereitos exclusivamente polo anticipo percibido de 2.039.400 pesetas, xa que a xustificación das condicións esixidas pola orde de convocatoria se realiza no exercicio 2001, incumprindo polo tanto o establecido na regra 156 da ICAL. En consecuencia a cantidade pendente de cobro a 31 de decembre de 2000 foi indebidamente incluída no estado de remanente de tesourería.
- Subvención para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Urbana: os dereitos non se recoñecen no momento da xustificación do cumprimento das condicións esixidas pola orde de convocatoria, en contra do disposto pola regra 156 da ICAL, nembargantes non ten ningún efecto sobre o remanente de tesourería ó se realizar a xustificación dentro do exercicio 2000.
- Subvención para o mantemento e realización de programas de servizos sociais: contabilízanse dereitos no exercicio 2000 por importe de 10.443.678 pesetas, mentres que a xustificación das condicións esixidas pola orde de convocatoria se realiza no exercicio 2001, incumprindo polo tanto o establecido na regra 156 da ICAL. En consecuencia esta cantidade foi indebidamente incluída como dereitos pendentes de cobro no estado de remanente de tesourería.
- Subvencións de cursos de Plan FIP 2000 (pintor, azulexista, ebanistería e encofrador): da análise da documentación contable e do soporte documental dos gastos declarados non se detectaron incidencias significativas, agás para o curso de encofrador para o que se recoñecen dereitos por importe de 3.660.651 pesetas, mentres que a liquidación definitiva realízase por importe de 3.575.060 pesetas, debéndose dar de baixa no exercicio 2001 dereitos pola diferenza de 85.591 pesetas.
- Subvención para cursos e escolas deportivas: contabilízanse dereitos no exercicio 2000 por importe de 2.105.250 pesetas, mentres que a xustificación das condicións esixidas pola orde de convocatoria realízase no exercicio 2001, incumprindo polo tanto o establecido na regra 156 da ICAL. En consecuencia esta cantidade foi indebidamente incluída como dereitos pendentes de cobro no estado de remanente de tesourería.

De acordo co exposto anteriormente as modificacións a realizar no estado de remanente de tesourería correspondentes ó capítulo 4 son as seguintes:

Descrición	Dereitos recoñecidos polo Concello	Dereitos calculados polo equipo auditor	Axuste no estado de remnte. de tesourería
Subvención para actividades de orientación profesional para o emprego	4.078.800	2.039.400	-2.039.400
Subvención para o funcionamento de A Xunqueira	5.699.555	0	-5.699.555
Subvención para o mantemento e realización de programas de servizos sociais	10.443.678	0	-10.443.678
Subvención para cursos e escolas deportivas	2.105.250	0	-2.105.250
<b>TOTAL</b>	<b>22.327.283</b>	<b>2.039.400</b>	<b>-20.287.883</b>

d) *Transferencias de capital*

Os dereitos pendentes de cobro do capítulo 7 a 31 de decembro de 2000 ascenden a 13.077.194 pesetas, con obxecto de verificar a realidade dos mesmos analizouse unha mostra de 11.025.000 pesetas, que supón o 84,31% do total, co seguinte *desglose*:

- Subvención para restauración da cuberta da casa rectoral de Magalofes.
- Subvención para a restauración das fachadas da igrexa de san Xurxo en Magalofes.
- Subvención para a restauración da cuberta da igrexa de Santiago en Barallobre.

Nos tres supostos seleccionados, como resultado da análise da documentación contable e o soporte documental dos investimentos efectuados, non se detectou ningunha incidencia destacable, polo tanto os dereitos pendentes de cobro do capítulo 7 son reais e o seu saldo esta correctamente imputado no estado do remanente de tesourería.

e) *Pasivos financeiros*

Os dereitos pendentes de cobro do capítulo 9 a 31 de decembro do 2000 por importe de 61.681.879 pesetas corresponden a un préstamo formalizado no exercicio. Con obxecto de verificar a realidade dos mesmos analizáronse na súa totalidade.

O Concello formalizou no exercicio 2000 un préstamo con Caixanova por importe de 91.061.250 pesetas, que foi ingresado na súa totalidade, mentres que na liquidación figuran incorrectamente dereitos pendentes de cobro por importe de 61.681.879 pesetas, de acordo co disposto na regra 237 da ICAL. O criterio utilizado polo Concello foi contabilizar na conta 5549 "*outros ingresos pendentes de aplicación*", as cantidades ingresadas e que aínda non foron afectadas a unha finalidade concreta e ir dando de baixa os dereitos pendentes de cobro no capítulo 9 a medida que se van aplicando á súa finalidade estas cantidades. En consecuencia os dereitos pendentes de cobro que figuran na súa contabilidade orzamentaria por importe de 61.681.879 pesetas non responden á realidade e foron incluídos incorrectamente no estado de remanente de tesourería.

As modificacións propostas o estado de remanente de tesourería derivadas da análise dos dereitos pendentes de cobro de exercicios correntes son as seguintes:

Capítulo	Descrición	Dereitos pendentes de cobro segundo o Concello	Modificacións no estado de remanente de tesourería
1	Impostos directos	9.413.343	0
3	Taxas e outros ingresos	12.067.641	0
4	Transferencias correntes	49.868.191	- 20.287.443
7	Transferencias de capital	13.077.194	0
9	Pasivos financeiros	61.861.879	- 61.861.879
<b>TOTAL</b>		<b>146.288.248</b>	<b>- 82.149.322</b>

## 1.2. Do orzamento de ingresos, exercicios pechados

Dos 42.156.224 pesetas pendentes de cobro a fin de exercicio analizáronse un total de 39.484.263 pesetas, o que representa o 93,66%.

O Concello non descontou do estado de remanente de tesourería os saldos de difícil ou imposible recadación nin ten establecido un criterio para a súa determinación, incumprindo o disposto no artigo 103 do RD 500/1990.

Os dereitos pendentes de cobro procedentes de anos anteriores a 1997 superaron o prazo de prescrición de catro anos establecido pola Lei 1/1998 de 26 febreiro que modifica a Lei 230/1963 Xeral Tributaria e, en aplicación do principio de prudencia, o Concello deberá dotar unha provisión por saldos de dubidoso cobro pola totalidade dos importes correspondentes a eses anos, así como dar de baixa os dereitos que estean efectivamente prescritos mediante o oportuno expediente de depuración de saldos conforme ó articulo 47 o TRLXO. Para o resto de anos determinouse a porcentaxe de cobro no exercicio 2001, e faise unha estimación da dotación a efectuar, ó carecer o Concello de criterio para a dotación de provisións para saldos de dubidoso cobro, pola porcentaxe non recadada no 2001, tal e como queda reflectido nos seguintes apartados:

### a) *Imposto sobre o capital (artigo 11)*

O artigo 11 presenta os seguintes saldos pendentes de cobro de exercicios pechados:

Ano	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
1994	348.725	348.725	0
1995	646.725	120.400	526.325
1996	1.190.009	350.848	839.161
1997	2.565.112	665.012	1.900.100
1998	3.992.120	1.191.342	2.800.778
1999	11.031.001	6.332.671	4.698.330
<b>TOTAL</b>	<b>19.773.692</b>	<b>9.008.998</b>	<b>10.764.694</b>

A dotación da provisión para saldos de dubidoso cobro a efectuar será a seguinte:

Ano	Dereitos pdtes. cobro a 31-12-2000	Anulacións 2001	Pdte. de cobro despois de anulacións	Recadación exercicio 2001	Porcentaxe de recadación	Porcentaxe de dotación de saldos	Dotación de saldos
1995	526.325					100%	526.325
1996	839.161					100%	839.161
1997	1.900.100	921.500	978.600	978.600	100%	0%	0
1998	2.800.778	1.046.025	1.754.753	857.175	49%	51%	1.428.397
1999	4.698.330	1.267.400	3.430.930	1.954.888	57%	43%	2.020.282
<b>TOTAL</b>							<b>4.814.165</b>

### b) *Taxas (artigo 31)*

O artigo 31 presenta os seguintes saldos pendentes de cobro de exercicios pechados

Ano	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pdtes. de cobro
1994	195.525	195.525	0
1995	418.230	131.775	286.455
1996	805.239	265.414	539.825
1997	1.493.363	522.189	971.174
1998	3.796.496	1.909.671	1.886.755
1999	8.233.895	3.676.813	4.557.082
<b>TOTAL</b>	<b>14.942.748</b>	<b>6.701.457</b>	<b>8.241.291</b>

A dotación da provisión para saldos de dubidoso cobro a efectuar será a seguinte:

Ano	Dereitos pdtes. cobro a 31-12-2000	Anulacions 2001	Pendente de cobro despois de anulacions	Recadación exercicio 2001	% Porcentaxe de recadación	% Porcentaxe de dotación de saldos	Dotación de saldos
1995	286.455	38.250	248.205			100	286.455
1996	539.825	71.825	468.000			100	539.825
1997	971.174	165.000	806.174	788.100	97,76	2	19.423
1998	1.886.755	244.000	1.642.755	919.242	55,96	44	830.172
1999	4.557.082	509.221	4.047.861	2.905.221	71,77	28	1.275.983
<b>TOTAL</b>							<b>2.951.859</b>

c) *Contribucións especiais ( artigo 36)*

O artigo 36 presenta os seguintes saldos pendentes de cobro de exercicios pechados:

Ano	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro	Dotación de saldos de dubidoso cobro
1986	184.536	0	184.536	184.536
1990	988.944	86.434	902.510	902.510
1992	309.764	0	309.764	309.764
1993	147.027	0	147.027	147.027
1994	730.912	0	730.912	730.912
1995	502.369	0	502.369	502.369
<b>TOTAL</b>	<b>2.863.552</b>	<b>86.434</b>	<b>2.777.118</b>	<b>2.777.118</b>

Os dereitos pendentes de cobro correspondentes ó artigo 36 superaron, na súa totalidade, o prazo de prescrición de catro anos establecido pola Lei 230/1963 Xeral Tributaria e na aplicación do principio de prudencia, o Concello deberá dotar unha provisión por ser saldos de dubidoso cobro. Dado que o Concello non acreditou a realización de accións que interrompan a prescrición, procedería dar de baixa os dereitos que estean efectivamente prescritos mediante o oportuno expediente de depuración de saldos conforme ó artigo 47 do TRLXO, á marxe das responsabilidades que correspondan (artigo 141 TRLXO).

d) *Transferencias de entidades locais (artigo 76)*

O artigo 76 presenta os seguintes saldos pendentes de cobro procedente do exercicio 1998:

Ano	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
1998	1.309.416	0	1.309.416
<b>TOTAL</b>	<b>1.309.416</b>	<b>0</b>	<b>1.309.416</b>

O importe pendente de cobro corresponde a unha subvención concedida pola Deputación Provincial para infraestrutura e equipamento do deporte, cun financiamento do 20% dun investimento total de 6.547.078 pesetas. O Concello xustificou gastos por importe de 3.984.759 pesetas, quedando reducida a subvención en 512.464 pesetas que son incobrables e que polo tanto se deben dar de baixa mediante o oportuno expediente de depuración de saldos conforme ó artigo 47 do TRLXO. A cantidade de 796.952 pesetas restantes, dado que non se cobrou nada na actualidade, debe ser obxecto de provisión por ser un saldo de dubidoso cobro polo 100% da mesma.

#### e) Pasivos financeiros (artigo 91)

O artigo 91 presenta os seguintes saldos pendentes de cobro procedente do exercicio 1994:

Ano	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
1994	16.391.744	0	16.391.744
<b>TOTAL</b>	<b>16.391.744</b>	<b>0</b>	<b>16.391.744</b>

O importe que figura como pendente de cobro no artigo 91 non se corresponde coa realidade xa que é un préstamo que foi ingresado na súa totalidade e polo tanto debe minora-lo remanente de tesourería polo importe de -16.391.744 pesetas. Esta cantidade debe darse de baixa mediante o oportuno expediente de depuración de saldos de acordo co establecido no artigo 47 do TRLXO.

As modificacións propostas no estado de remanente de tesourería derivadas da análise dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados son as seguintes:

Art.	Descrición	Dereitos pdte. de cobro a 31-12-2000	Modificacións por anulación de créditos	Dotación de provisión por saldos de dubidoso cobro
11	Imposto sobre o capital	10.764.694		- 4.814.165
31	Taxas	8.241.291		- 2.951.859
36	Contribucións especiais	2.777.118	- 2.777.118	
76	Transferencias de entidades locais	1.309.416	- 512.464	- 796.952
91	Préstamos recibidos do interior	16.391.744	-16.391.744	
<b>TOTAL</b>		<b>39.484.263</b>	<b>- 19.681.326</b>	<b>- 8.562.976</b>

### 1.3. Outras operacións non orzamentarias

O estado de situación e movementos dos debedores non orzamentarios presenta un saldo pendente de cobro a 31 de decembro de 2000 de 12.149.772 pesetas. Analizouse o saldo correspondente á conta 5690 "outros debedores non orzamentarios", que presenta un importe pendente de cobro a fin de exercicio de 10.926.941 pesetas, o que supón un 89,93%, tal e como reflicte o seguinte cadro:

Cta. pgcp	Descrición	Saldo inicial pdte. de cobro	Pagos efectuados	Total cargo	ingresos	Saldo final pdte. cobro
5600	Depósitos constituídos	451.077	0	451.077	0	451.077
5860	Debedores por IVE	509.273	1.989.169	2.498.442	1.726.688	771.754
5690	Outros debedores non orzamentarios	5.352.994	0	12.067.529	6.493.582	10.926.941
<b>TOTAL</b>		<b>6.313.344</b>	<b>1.989.169</b>	<b>15.017.048</b>	<b>8.220.270</b>	<b>12.149.772</b>

O saldo da conta 5690 “*outros debedores non orzamentarios*”, está integrado por anticipos concedidos polo Concello ó persoal o seu servizo e polo tanto están incorrectamente contabilizados, xa que de acordo co disposto na ICAL (definicións e relacións contables), deberíase ter contabilizado na conta 534 “*préstamos a curto prazo*”. Isto supón que se lle esta dando un tratamento non orzamentario cando se tratan de movementos orzamentarios, xa que polo total dos anticipos concedidos teríanse que ter recoñecido obrigas no capítulo 8 de gastos e a medida que se fosen devolvendo os anticipos teríanse que ter recoñecido dereitos no capítulo 8 de ingresos. En consecuencia, dado que non se trata dun saldo non orzamentario e tendo en conta o disposto na regra 350 da ICAL, debese de minorarse o remanente de tesourería por importe de -10.926.941.

#### 1.4. Outros ingresos pendentes de aplicación

O estado de situación e movementos das partidas pendentes de aplicación presenta os seguintes saldos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2000:

Cta. pgcp	Descrición	Saldo inicial pdte. aplicación	Ingresos efectuados	Total data	Cargo	Saldo final pdte. aplicación
5548	Axentes recadadores	13.126.595	118.130.650	131.257.245	20.951.661	10.305.584
5549	Outros ingresos pdtes. de aplicación	14.137.319	130.062.097	144.199.416	65.945.794	78.253.622
5550	Outros debedores non orzamentarios	0	0	0	0	0

Analizouse o saldo correspondente á conta 5549 “*outros ingresos pendentes de aplicación*”, que presenta un importe pendente de aplicación a fin de exercicio de 78.253.622 pesetas, o que supón un 88,36%.

Esta partida inclúe cantidades pendentes de aplicar a unha finalidade concreta de préstamos recibidos no exercicio 1994 por 16.391.744 pesetas e do exercicio 2000 por 61.861.879 pesetas, que se van aboando a medida que se van certificando as obras que financian estes préstamos e simultaneamente vanse dando de baixa os dereitos pendentes de cobro na contabilidade orzamentaria. Están incorrectamente contabilizados xa que son dereitos que xa están cobrados os correspondentes ó préstamo do ano 2000 e polo tanto recoñecidos, polo que deberíase incrementa-lo remanente de tesourería por importe de +61.861.879 pesetas. Así mesmo a cantidade correspondente ó préstamo do exercicio 1994 non debería figurar nesta partida xa que foi cobrada polo que se modificaría o remanente de tesourería en +16.391.744 pesetas.

## 2. Acredores pendentes de pago

Os saldos que figuran na agrupación de acredores pendentes de pago do estado de remanente de tesourería, presentan a seguinte composición:

<b>Acredores pendentes de pago a 31/12/2000</b>	<b>Importe pesetas</b>
Do orzamento de gastos correntes	176.101.283
Do orzamento de gastos pechados	59.181.787
Do orzamento de ingresos	0
De operacións comerciais	0
De recursos doutros entes públicos	0
Doutras operacións non orzamentarias	111.241.112
Pagos realizados pendentes de aplicación (-)	0
<b>TOTAL</b>	<b>346.524.182</b>

Como resultado do traballo efectuado, detectáronse as seguintes incidencias, que afectan á fiabilidade dos saldos rexistrados en acredores pendentes de pago, e que se detallan nos epígrafes seguintes.

### 2.1. Do orzamento de gastos, orzamento corrente

*a) Coherencia interna das cifras de acredores do orzamento de gastos, orzamento corrente.*

Verificouse a coincidencia dos saldos de acredores pendentes de pago de orzamento corrente coa información do balance de situación e coa liquidación do orzamento.

*b) Saldos non xustificadas*

Como resultado da confirmación de saldos comunicada polos propios acredores ó Consello de Contas, evidenciáronse diferencias por 4.071.512 pesetas, entre o que figura na relación nominal de acredores e a débeda existente con algún deles, verificándose que se recoñeceron débedas por importes inferiores ós realmente existentes.

*c) Gastos realizados pendentes de recoñecemento no exercicio*

Verificouse a existencia de obrigas recoñecidas por gastos de subministración de enerxía eléctrica da Casa Consistorial (728.626 pesetas); iluminado público, semáforos, etc. (5.081.586 pesetas); e actuacións de Nadal (511.600 pesetas), que foron imputados ó exercicio 2001 por un importe de 6.321.812 pesetas, que corresponden a facturacións do 2000.

En consecuencia, de aplicar adecuadamente os Principios Contables Públicos, os saldos pendentes de pago a fin de exercicio veríanse incrementados ó menos, neste importe.

*d) Resumo*

Os saldos de acredores pendentes de pago do orzamento de gastos, orzamento corrente, que incrementarían o remanente de tesourería como consecuencia das incidencias dos apartados anteriores, son os seguintes:

Obrigas	Importes pesetas
Débedas que confirman os acredores por importe superior ó que figura contabilizado, sen que o Concello manifeste a súa improcedencia.	4.071.512
Obrigas non recoñecidas no exercicio ó que corresponde o gasto realizado	6.321.812
<b>TOTAL</b>	<b>10.393.324</b>

## 2.2. Do orzamento de gastos, orzamentos pechados

A estrutura, que en función do exercicio da obriga recoñecida, presentan os acredores pendentes de pago por orzamentos pechados da liquidación do orzamento, é a seguinte:

Exercicio	Obrigas pdtes. de ordenar o pago	Ordes de pago pendentes	Suma das obrigas pdtes. a 31-12-2000
1994	28.397		28.397
1995	72.000		72.000
1996	71.119		71.119
1997	528.191		528.191
1998	2.180.795		2.180.795
1999	56.164.013	137.272	56.301.285
<b>Total</b>	<b>59.044.515</b>	<b>137.272</b>	<b>59.181.787</b>

### a) *Coherencia interna de las cifras de acredores del orzamento de gastos, orzamentos pechados*

As cifras contidas no estado de remanente de tesourería por acredores de orzamentos pechados, coinciden coas reflectidas nos demais estados e anexos contables que compoñen a Conta Xeral.

### b) *Saldos non xustificados*

Existen diferencias entre o resultado de confirmación de saldos por importe de 195.482 pesetas, respecto da relación nominal de acredores e que o Concello non tiña recoñecido.

### c) *Análise dos acredores por exercicios*

Non se realizaron probas a efectos de determinar a prescrición de acredores, debido á inmaterialidade dos saldos correspondentes a obrigas pendentes de pago dos exercicios 1994 e 1995 (100.397 pesetas).

Respecto á evolución e situación das obrigas recoñecidas para os exercicios seguintes, verificouse que se ben continúan pendentes de ordenar o pago na liquidación do 2001 a totalidade de obrigas recoñecidas dos exercicios 1996 e 1997, do saldo de obrigas de 1998, tan só quedaban pendentes de ordenar o pago 654.995 pesetas (que representa un 30% do que estaba pendente) e de 1999 restaba soamente por ordenar o pago 563.597 pesetas (que supón un 1% do pendente).

Así mesmo, comprobouse que o saldo das ordes de pago pendentes (137.272 pesetas) foi cancelado o día 11 de abril de 2002.



Como consecuencia do analizado nesta rúbrica, modifícanse ós saldos de acredores pendentes de pago do orzamento de gastos, orzamentos pechados, por 195.482 pesetas, que proceden da diferenza entre os saldos da relación nominal de acredores e os confirmados polos propios acredores ó Consello de Contas.

### 2.3. Doutras operacións non orzamentarias

Analizáronse tres contas, nas que o seu importe representa un alcance do 89% sobre os saldos pendentes de pago a fin de exercicio.

O saldo reflectido ó peche do exercicio fiscalizado esta influenciado polas diferenzas que a continuación se detallan.

1º. A conta 4750 subdivídese nas 4 subcontas seguintes:

Conta	Descrición	Saldo final pdte. de pago
4750/2100	Retencións IRPF a Funcionarios e laborais	10.139.110
4750/2101	Retencións IRPF a Profesionais	1.433.626
4750/2103	Retencións IRPF a Órganos de goberno	895.162
4750/2104	Retencións IRPF de Capital inmobiliario	22.500

As retencións de IRPF, órganos de goberno e capital inmobiliario, coinciden co pagado a Facenda. Pero detectáronse diferenzas de carácter inmaterial por 12.522 pesetas entre o saldo rexistrado na conta 4750/2100 "*retencións IRPF, funcionarios e laborais*", e o pago realizado á Facenda Pública en xaneiro de 2001. Tamén existen diferenzas entre o retido en concepto de IRPF a profesionais, e o que se pagou no cuarto trimestre de 2000, sendo esta diferenza de 16.028 pesetas. Estas diferenzas proceden de saldos de exercicios pechados que o Concello non puido xustificar, e que deben depurar.

2º. O saldo que rexistra a conta 4770/2111 "*Cota S.S. a cargo do traballador*" no "*Estado de situación e movementos das operacións non orzamentarias de tesourería. Acredores*", é de 1.567.188 pesetas.

Como resultado do traballo realizado, determinouse que o importe correspondente á cota obreira é de 1.460.667 pesetas, a diferenza de 106.521 pesetas deberá analizarse polo Concello, xa que se corresponde con cantidades que proceden de exercicios anteriores ó fiscalizado e que no transcurso do traballo de campo, os técnicos municipais non puideron determinar.

3º A outra conta examinada foi a 5150 "*Operacións de tesourería*". Presenta un saldo a fin de exercicio de 85.000.000 pesetas, que se corresponde con movementos de 3 pólizas de crédito, das que se cancelou unha durante o exercicio 2000. Das probas realizadas dedúcese que non existen incidencias que afecten ó saldo rexistrado nesta conta a fin de exercicio.

Debido á inmaterialidade das diferenzas detectadas no apartado correspondente a "*Outras operacións non orzamentarias*" (28.550 pesetas da conta 475 e 106.521 pesetas da 477), non se propuxeron modificacións ó

estado de remanente neste epígrafe. De tódolos xeitos, o Concello deberá proceder á análise detallada destas diferencias co obxecto de proceder a súa depuración.

### **3. FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA**

No estado de situación de existencias en Tesourería figuran como existencias finais 163.938.238 de pesetas. Comprobadas as confirmacións bancarias pódese facer a seguinte consideración:

- Na conta 3110000012 coa entidade de Caixa Galicia existe unha diferenza entre o importe recollido no estado de Tesourería e o estrato bancario de 127.981 pesetas que non é obxecto de apunte na conciliación de saldos realizada a 31 de decembro de 2000. Este importe carece de materialidade á hora de determinar modificacións o remanente de tesourería.

### **4. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO**

O estado de remanente de tesourería presenta un saldo de remanente afectado a gastos por un importe de 70.348.487 pesetas, dos que se analizaron 38.156.479 pesetas, o que supón un 54,24%.

O estado de gastos con financiamento afectado confeccionado polo Concello de Fene non se axusta ás normas establecidas nas regras 376 á 381 da ICAL. Este estado presenta un saldo de 52.859.875 pesetas, polo que existe unha diferenza co remanente afectado no estado de remanente de tesourería de 17.488.612 pesetas, derivada do feito de que no calculo das desviacións positivas de financiamento do estado de gastos con financiamento afectado non se inclúen tres proxectos que si están incluídos no remanente afectado a gastos do estado de remanente de tesourería.

Na mostra de proxectos seleccionada detectáronse as seguintes incidencias no cálculo das desviacións de financiamento:

- Recóllense como dereitos pendentes de cobro no capítulo 9 correspondentes ó préstamo do exercicio 1994 a cantidade de 16.391.744 pesetas que financian a 5<sup>a</sup> e 6<sup>a</sup> fase da construción do mercado municipal. Para a 5<sup>a</sup> fase calculouse unha desviación positiva de financiamento de 8.156.134 pesetas, mentres que para a 6<sup>a</sup> serían os 8.235.610 pesetas restantes, mentres que no estado de remanente de tesourería incluíuse unha desviación positiva de financiamento por 9.246.387, polo que se debe practicar unha modificación nese estado por -1.010.777 pesetas.
- Recóllense como dereitos pendentes de cobro no capítulo 9 correspondentes ó préstamo do exercicio 2000 a cantidade de 61.861.879 pesetas que financia diversos investimentos, mentres que no estado de remanente de tesourería se incluíron desviacións de financiamento por

importe de 45.242.009 pesetas, debéndose practicar unha modificación no citado estado por importe de 16.619.870 pesetas.

En consecuencia as modificacións a practicar no estado de remanente de tesourería afectado son as seguintes:

Descrición	Importe pesetas
Remanente afectado de acordo coa liquidación do exercicio 2000	70.348.487
Modificacións positivas	16.619.487
Modificacións negativas	- 1.010.777
Remanente calculado polo equipo auditor	85.957.197

## 5. CUANTIFICACIÓN DEL ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA

De acordo coas comprobacións efectuadas e cos resultados obtidos e descritos nos apartados 1, 2, 3 e 4 deste informe, o remanente de tesourería para gastos xerais do Concello no exercicio fiscalizado, ascende, de acordo cos cálculos do equipo auditor a -210.117.432 pesetas, mentres que a liquidación do orzamento do exercicio 2000 é de -140.762.973 pesetas. A diferenza explícase polas modificacións propostas polo equipo auditor e que se reflicten no seguinte cadro:

Estado de remanente de tesourería		Remanente calculado polo Concello	Modificacións	Remanente calculado polo Consello de Contas
<b>1.</b>	<b>Debedores pendentes de cobro a 31.12.00</b>	<b>112.171.458</b>		<b>69.014.515</b>
	Do orzamento de ingresos correntes	146.424.668	- 82.149.322	64.275.346
	Do orzamento de ingresos pechados	42.156.224	- 19.681.326	22.474.898
	De operacións comerciais	0	0	0
	De recursos doutros entes públicos	0	0	0
	Doutras operacións non orzamentarias	12.149.772	-10.926.941	1.222.831
	SalDOS de dubidoso cobro (-)	0	8.562.976	8.562.976
	Ingresos realizados pendentes de aplicación (-)	88.559.206	- 78.253.622	10.305.584
<b>2</b>	<b>Acredores pendentes de pago a 31.12.00</b>	<b>346.524.182</b>		<b>357.112.988</b>
	Do orzamento de gastos correntes	176.101.283	10.393.324	186.494.607
	Do orzamento de gastos pechados	59.181.787	195.482	59.377.269
	Do orzamento de ingresos	0	0	0
	De recursos doutros entes públicos	0	0	0
	Doutras operacións non orzamentarias	111.241.112	0	111.241.112
	Pagos realizados pendentes de aplicación (-)	0	0	0
<b>3</b>	<b>Fondos líquidos en Tesourería</b>	<b>163.938.238</b>		<b>163.938.238</b>
<b>4</b>	<b>Remanente de Tesourería afectado a G.F.A.</b>	<b>70.348.487</b>	15.608.710	<b>85.957.197</b>
<b>5</b>	<b>Remanente de Tesourería gastos xerais</b>	<b>-140.762.973</b>		<b>-210.117.432</b>
	<b>Total Remanente de Tesourería</b>	<b>-70.414.486</b>		<b>-124.160.235</b>

## IV. ENDEBEDAMENTO

### 1. PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO

No exercicio do 2000 formalizáronse tres operacións de crédito: unha a longo prazo por importe de 91.061.250 pesetas e dúas operacións de refinanciamento de 146.868.906 e 214.109.652 de pesetas, respectivamente.

Das comprobacións realizadas pódense extraer as seguintes conclusións:

- Non é posible conciliar os movementos do debe e do haber da conta 170 da contabilidade financeira con obrigas e dereitos recoñecidos da contabilidade orzamentaria, debido a un problema de dobre contabilización do préstamo de 91.061.250 pesetas e outras diferencias derivadas, fundamentalmente, do rexistro en contabilidade financeira de cargos que non teñen reflexo nas obrigas recoñecidas no exercicio.

Movementos debedores conta 170	Obrigas recoñecidas capítulo 9	Diferencia
176.491.878	29.354.974	147.136.904
Movementos acredores conta 170	Dereitos recoñecidos capítulo 9	Diferencia
238.198.160	91.061.250	147.136.910

- Na conta xeral da entidade local non se inclúe o estado da débeda polo que non se pode comprobar a coincidencia do mesmo co saldo da conta 170 a 31 de decembro de 2000 que é de 488.093.271 pesetas.
- O préstamo formalizado no exercicio está parcialmente contabilizado de forma incorrecta de acordo coa regra 237 da ICAL xa que figuran como dereitos pendentes de cobro a final do exercicio 61.861.879 pesetas, que a súa vez figuran como ingresos pendentes de aplicación, en tanto non se destinan a financiar un investimento determinado, cando en realidade foi ingresado na súa totalidade o préstamo e polo tanto non debería figurar ningunha cantidade pendente de cobro nin pendente de aplicación.
- Comprobáronse os requisitos legais da formalización de operacións de crédito no exercicio: o aforro neto é positivo e a débeda viva non supera o límite do 110% dos recursos ordinarios, polo que non é necesaria a autorización a que se refire o artigo 54 da Lei 39/1988.

## 2. OPERACIÓNS DE TESOURERÍA

Durante o exercicio formalizáronse dúas operacións de tesourería polo importe de 45.000.000 e de 50.000.000 de pesetas, respectivamente.

O saldo da conta 515 presenta os seguintes movementos:

Nº conta	Saldo 1/1/2000	Movementos exercicio		Saldo 31/12/00
		Debe	Haber	
515	50.000.000	74.996.148	109.996.148	85.000.000

A contabilización na conta 515 das cantidades dispostas das operacións a curto prazo correspóndese coa totalidade do ingreso dos créditos na Tesourería da Entidade Local.

O saldo da conta a fin do exercicio deberíase corresponder co importe das dúas pólizas en vigor. Destas dúas operacións amortizouse anticipadamente 10.000.000 de pesetas, por importe de 8 mensualidades de 1.250.000 pesetas, de aí que o saldo da conta sexa de 85.000.000 pesetas a 31 de decembro de 2000.

### 3. AFORRO NETO

O aforro neto da Corporación é positivo segundo o cálculo recollido no informe da Intervención de acordo cos datos da liquidación do exercicio de 1999 e ten o seguinte *desglose*:

Descrición	Importe
Dereitos recoñecidos (capítulos I ó V)	782.686.418
Obrigas recoñecidas ( capítulos I, II e IV)	-710.012.237
AFORRO BRUTO	72.674.181
Anualidade teórica de amortización *	-72.049.229
AFORRO NETO	624.952

- O cálculo da anualidade teórica non se axusta ás prescricións do artigo 54 da Lei 39/1988, xa que se utilizan os datos da liquidación do exercicio anterior 1999 (obrigas recoñecidas polos capítulos 3 e 9 do estado de gastos) para o cálculo da mesma. Ademais inclúense, dentro dos gastos financeiros do capítulo 3, os intereses das operacións de tesourería do exercicio 1999 polo que o importe do aforro neto da Corporación sería aínda maior.

## V. CONCLUSIÓNS

### 1. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL

O orzamento xeral para o exercicio do 2000 foi aprobado definitivamente fóra do prazo establecido no artigo 150.2 da LRFL, que esixe a súa aprobación antes do 31 de decembro do ano anterior ó do exercicio en que se deba aplicar.

Non consta no expediente de liquidación do orzamento do 2000 a remisión da mesma, á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte, como esixe o artigo 174.5 da Lei 39/1988.

A conta xeral do exercicio do 2000 foi dictaminada pola Comisión Especial de Contas o día 12 de xuño de 2001 fóra do prazo establecido no artigo 193.2 da LRFL.

O resultado orzamentario do exercicio é positivo. Nembargantes o cálculo efectuado polo equipo auditor reduce en 30.681.207 pesetas a cantidade que figura na liquidación do orzamento ata situar en 23.545.124 pesetas o resultado orzamentario da Corporación para o exercicio 2000.

### 2. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio fiscalizado calculado polo equipo auditor é, de -210.117.432 pesetas, mentres que na liquidación do orzamento establecece un remanente de -140.762.973 pesetas. Dado que na liquidación do orzamento do exercicio 1998 o remanente de tesourería para gastos xerais calculado polo Concello era de -143.090.590 pesetas, e o da liquidación do exercicio 1999 era de -140.738.091 pesetas,

ponse de manifesto unha situación na que existen déficits de financiamento con carácter estrutural que se debe corrixir. Para iso deberían adoptarse as medidas establecidas no artigo 174 da LRFL. A prescrición de dereitos recoñecidos de exercicios pechados podería dar lugar as responsabilidades contempladas no artigo 141 do TRLXO.

### **3. ENDEBEDAMENTO**

A contabilidade financeira e a orzamentaria presentan saldos diferentes que non foi posible conciliar. Así mesmo non se puído determinar a validez do saldo da conta 170 como débeda viva, debido a que na conta xeral non consta o estado da débeda. A Corporación debe corrixir estas diferencias contables, así como confeccionar o estado da débeda e incluílo entre os documentos que integran a conta xeral.

O préstamo formalizado no exercicio por importe de 91.061.250 pesetas está incorrectamente contabilizado de acordo coa regra 237 da ICAL.

O aforro neto da Corporación é de 624.952 pesetas de acordo cos cálculos efectuados polo Concello. Nembargantes o equipo auditor puído constatar que o cálculo da anualidade teórica non se realizou seguindo as prescricións do artigo 54 da LRFL, incluíndo os intereses das operacións de tesourería polo que o aforro neto real sería maior.

A débeda viva a 31 de decembro de 2000 ascende, de acordo co saldo das contas 170 e 515 a 573.093.271 pesetas, o que supón un 73,22% dos ingresos correntes liquidados no exercicio 1999, cumprindo polo tanto o disposto no artigo 54.2 da LRFL.

### **4. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA**

O Concello de Fene rexistrou no exercicio fiscalizado un remanente de tesourería negativo, un aforro neto positivo, pero escaso, e non contabilizou tódolos gastos realizados no exercicio. Estes feitos agrávanse pola reiteración de remanentes de tesourería negativos contabilizados en anos anteriores -sen constancia de que se efectuaran as correspondentes medidas correctoras- o que reforza a debilidade económico-financiera da entidade para afrontar as súas débedas. As renovacións sucesivas de operacións de tesourería confirman tamén a presenza deste déficit estrutural.

Por todo isto, o Concello de Fene deberá sanear a súa facenda pública mediante a elaboración e aplicación dun programa específico, cumprindo de forma rigorosa a legalidade vixente e contabilizando as súas operacións segundo a normativa e criterios establecidos na ICAL.